

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E AUTORIZACIÓN DE GASTO

Órgano que propón a contratación:
Presidencia do CIXUG

Expediente	CX-24-01
Cualificación do contrato	Subministración
Procedemento de adxudicación	Aberto
Contrato suxeito a regulación harmonizada	Non
Financiado con Fondos Europeos	Non

Na reunión do Consello de Goberno celebrada o pasado 05 de decembro de 2023 aprobou por unanimidade, dentro do punto 7.8 da orde do día de devandito consello, diversos procesos de licitación a desenvolver durante o ano 2024, entre os que se atopaba o relativo ao expediente de contratación do servizo a subministración de cesión de dereitos de uso e soporte sobre o produto SPSS Statistics Premium e Amos Campus Edition, ou equivalente, para as Universidades que forman parte do Consorcio CIXUG (Universidade da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo), en diante as Universidades do SUG.

CONSIDERACIÓNS

1. Resulta de aplicación a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, así como as disposicións que a desenvolven. Son de aplicación con carácter supletorio as demais normas de dereito administrativo e, no seu caso, as normas de dereito privado.
2. Polos servizos xurídicos e técnicos foron elaborados os pregos de bases xurídicas e de prescricións técnicas.
3. O gasto condiciónase á existencia de crédito adecuado e suficiente nos

orxamentos do Consorcio CIXUG para os exercicios **2024, 2025 e 2026**.

4. O órgano de contratación é o presidente do Consorcio CIXUG.
5. Consta a existencia do informe acerca da necesidade e idoneidade da contratación, así como sobre a insuficiencia de medios.

En virtude de todo o exposto,

RESOLVO:

1. Aprobar o expediente de contratación de 116 CVUs (Campus Value Units) dos produtos IBM SPSS Statistics Premium e 102 CVUs de IBM SPSS Amos, ambos, Campus Edition, a través dunha concorrência de 450 licenzas SPSS Statistics Premium concurrentes e 3.000 autorizadas e 150 licenzas SPSS Amos concurrentes e 50 autorizadas ou equivalente, que lle permitan obter os dereitos de despregue, uso e soporte para as Universidades que forman parte do Consorcio CIXUG (Universidade da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo), no período 2024 ao 2027, cuxo orxamento base de licitación ascende a 107.718,43 € IVE incluído.
2. Aprobar os pregos de bases xurídicas e de prescricións técnicas que rexerán a contratación.
3. Autorizar o gasto para a execución do contrato condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orxamentos do Consorcio CIXUG para os exercicios **2024, 2025 e 2026**.
4. Acordar a apertura do procedemento de contratación.

Santiago de Compostela á data da firma electrónica,

D. Antonio López Díaz
Presidente